

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de decembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día trinta de decembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1415).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1416).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA LORENTE (FASE I). EXPTE. 4016/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 28/12/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de decembro de 2016 as 13.30 horas, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Proposta de adxudicación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente, de 14 de outubro de 2016 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 14 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente, e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 23 de decembro de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan , por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, consonte os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos o 21 de decembro de 2016:

1. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.
2. COPCISA, S.A.
3. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	96,25
2	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	93,95
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	93,33
4	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,30
5	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	91,97

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
6	EXCAVACIONES CONSTRUCCIONES LAUREANO CO-VELO, S.A.	91,71
7	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,62
8	NAROM, S.L.	91,39
9	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.	89,40
10	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	89,33
11	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	87,78
12	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	81,85
13	MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.	68,23

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP ("cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente").*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 997,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Terceiro.- En data 23 de decembro de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., que presenta a documentación requirida en data 28 de decembro de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 28 de decembro de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., tal e como desprendese dos informes de valoración das ofertas do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal e a técnica media de obras públicas, de data 5 de decembro de 2016; e do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, de 22 de decembro do mesmo ano.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440) por un prezo de 174.750,47 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 10 semestres.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1417).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA DA AVDA. DE CASTELAO, ENTRE REDONDELA E A RÚA PORRIÑO. EXPTE. 3956/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/12/16, dáse conta do informe-proposta do 28/12/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de decembro de 2016 as 13.30 horas, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Proposta de adxudicación.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440), de 22 de xullo de 2016 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de xullo de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440), e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 23 de decembro de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de outubro de 2016, das empresas CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L. e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. deste procedemento por ter declarado unha solvencia técnica e profesional insuficiente, ao abeiro do previsto na cláusula 8 e apartado 9 do Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, consonte os informes asinados polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 21 de decembro de 2016:

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
3. OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, S.L.U.

4. ELSAMEX, S.A.
5. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
6. NAROM, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castela, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	94,75
2	COPCISA, S.A.	87,80
3	ORECO, S.A.	86,25
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	86,12
5	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	69,09
6	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.	57,89
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	46,79
8	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	26,81

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP ("cando o prazo de garantía ofertado polo adxudicatario sexa superior á media dos ofertados polos licitadores admitidos").

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 875,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Terceiro.- En data 23 de decembro de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., que presenta a

documentación requirida en data 27 de decembro de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 27 de decembro de 2016, a XGL, aprobou unha corrección material de erros do citado acordo:

“Rectificar o punto terceiro do acordo de clasificación do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida de Castelao entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (expediente 3956-440) substituíndo a táboa de clasificación pola seguinte:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	94,75
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	87,41
3	ORECO, SA	86,09
4	COPCISA, SA	79,59
5	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA	69,09
6	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL	54,81
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA	43,30
8	MONTAJES JM IGLESIAS, SL	26,32

Quinto.- En data 28 de decembro de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., tal e como desprendese dos informes de valoración das ofertas do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, a técnica media de obras públicas e o

xefe da oficina de supervisión de proxectos, de data 14 de novembro de 2016; e do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, de 22 de decembro do mesmo ano.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castela, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440), por un prezo de 212.550 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 156 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1418).- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DAS CAMELIAS, ENTRE A RÚA DOUTOR MARAÑÓN E A RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ. EXPTE. 3969/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/12/16, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- En data 27 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno Local acordou, entre outros extremos, no apartado segundo do punto 4 da orde do día “Segundo.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Maraño e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440) aos licitadores UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU; HORDESCON, SL; EXTRACO, SA e COPCISA, SA, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter xustificación os mesmos”.

Segundo.- En data 29 de decembro de 2016, detectase un erro neste punto ao terse omitido o nome dalgún dos licitadores relacionados na proposta da Mesa de Contratación ao órgano de contratación: DESMACO, S.L.; UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.-

FEVISA; CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU; ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA, S.A.; CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L; ELSAMEX, S.A.; ESPINA Y DELFIN, S.L. e CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LRJAP).

No caso que nos ocupa, advertiuse un erro ao non incluír os nomes de todos os licitadores incluídos na proposta da Mesa de Contratación de data 27 de decembro de 2016.

Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar o punto segundo do acordo de clasificación do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440) substituíndo polo seguinte:

Segundo.- Excluír do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440) aos licitadores PROYECTOS Y OBRAS, SAU; HORDESCON, SL; EXTRACO, SA; COPCISA, SA, DESMACO, S.L.; UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.-FEVISA; CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU; ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA, S.A.; CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L; ELSAMEX, S.A.; ESPINA Y DELFIN, S.L. e CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter xustificado os mesmos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1419).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 27.028,93 € A FAVOR DE GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. POLO SUBMINISTRO DE GAS A COLEXIOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DURANTE O CURSO 2015-2016. EXPTE. 18503/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 29/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 27/12/16, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o xefe da Área de Servizos Xerais e a concelleira delegada de Educación, que di o seguinte:

FEITOS:

O Concello de Vigo ven subministrando gas natural para atender as necesidades de calefacción e auga quente nos centros públicos de ensino nos que se emprega este combustible, e que son os que de seguido se relacionan:

- EIM Casiano Martínez
- EIM Tomás Alonso
- CEIP DR. Fleming
- CEIP Illas Cíes
- CEIP Pintor Laxeiro
- CEIP Canido-Ría de Vigo
- CEIP A Paz-Tintureira
- CEIP Virxe do Rocío

Para atender debidamente a esta obriga en data 30 de setembro de 2015 a Concelleira delegada da Área de Educación e o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal resolveron iniciar o expediente para o desenvolvemento do proceso de contratación dos subministro de gas natural necesario para o funcionamento operativo dos citados centros educativos e dependencias municipais. Expediente 17.125-332 que foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de Xullo de 2016 a entidade "Gas Natural Comercializadora, S.A.", contándose o prazo do contrato a partir do 5 de setembro de 2016

A tramitación deste expediente de subministro sufriu diversos retrasos en gran parte debidos a que no Servizo de Educación produciuse unha situación imprevista de falta de medios humanos motivada polas baixas médicas dos funcionarios adscritos a dito Servizo, chegando a estar es situación de baixa por enfermidade os 5 funcionarios adscritos á Unidade 332 de Administración Xeral de Educación, o que provocou unha insostible situación de parálise administrativa na xestión do servizo. Situación posta de manifesto no seu día pola Concelleira de Educación.

Pese a non estar adxudicado o referido contrato, non se interrompeu o subministro de gas natural aos colexios e escolas de educación infantil xa que, non é posible que estes centros poidan funcionar sen dispoñer de calefacción e auga quente, estas son condicións mínimas para que os centros teñan unhas adecuadas condicións ambientais nas que desenvolver a labor educativa.

O subministro de gas natural xustifícase na obriga de atender as necesidades de dotar de auga quente e calefacción aos colexios públicos e escolas infantís municipais, sendo unha continuación na prestación dun servizo obrigatorio para o concello

A empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. presentou no Servizo de Educación factura polo subministro de gas aos centros educativos públicos, durante o período de 10 de xaneiro de 2016 a 12 de setembro de 2016, por importe de 27.028,93 euros.

Examinada a factura número PO16142000008502 de Gas Natural Comercializadora con CIF A-61797536 de data 21-11-2016, o Xefe de Área de Servizos Xerais informa que o subministro foi efectivamente realizado nas escolas referidas na factura e o prezo do mesmo corresponde co prezo normal do gas no período de facturación de 10-01-2016 ao 12-09-2016.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

A Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local reflicte as materias respecto das que “en todo caso” os concellos exercerán competencias propias no artigo 25.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, contemplando en materia de Educación:

n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Este subministro supón a continuación na prestación dun servizo obrigatorio para que os centros escolares poidan acadar as necesarias condicións de confortabilidade climática e sanitarias.

As actuacións levadas a cabo polo Concello en canto a non suspender o subministro de gas aos centros comprometeron un gasto obrigatorio con irregularidades procedimentais que non implican falta de crédito adecuado e suficiente, nin ausencia total do procedemento o que conleva a súa anulabilidade.

A prestación do subministro foi realizada a satisfacción do Concello polo que de existir crédito adecuado e suficiente, tratándose dunha actuación anulable procedería a convalidación das ditas actuacións e o pago dunha indemnización substitutiva a favor de GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, polo subministro de gas nos centros antes relacionados, e isto a fin de evitar un enriquecemento inxustificado desta a Administración Municipal, de conformidade coa base 28 das Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2016, segundo a cal “Os expedientes de gasto que non sexan obxecto da correspondente tramitación, autorización e fiscalización, e consecuentemente o recoñecemento das débedas a que dean orixe, e incluso débedas adquiridas fóra de calquera procedemento, así como as nacidas fora do orzamento serán obxecto de indemnización substitutiva e recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno da Corporación se non existise crédito adecuado e suficiente, e pola Xunta de Goberno Local, ou xuntas Reitoras dos OO.AA. nos demais casos.”

Tendo en conta as obrigas derivadas das propias competencias municipais, e de acordo co punto número 2, do apartado XIV en relacións a Área de Educación, recollido no decreto de delegacións de competencias asinado polo Alcalde de Vigo con data 19 de xuño de 2015, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na mesma data, correspóndelle a Area de Educación, entre outras cuestións; “*planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservacións, mantemento, vixianza, limpeza, abastecemento de auga, saneamento, luz e calefacción dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e especial propiedade do municipio*”.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición de gasto polo subministro de gas natural aos colexios públicos e escolas infantís municipais que se relacionan por importe de 27.028,93 euros durante o curso escolar 2015-2016:

- EIM Casiano Martínez
- EIM Tomás Alonso
- CEIP DR. Fleming
- CEIP Illas Cíes
- CEIP Pintor Laxeiro
- CEIP Canido-Ría de Vigo
- CEIP A Paz-Tintureira
- CEIP Virxe do Rocío

Segundo.- De conformidade coa Base 28 das de execución orzamentaria para o ano 2016 recoñecer e liquidar as obrigas municipais para con Gas Natural Comercializadora, S.A. como consecuencia do subministro de gas natural efectuado, e aprobar a indemnización substitutiva a favor de dita entidade por un importe total de 27.028,93 euros.

Terceiro.- Ordenar o pago a favor de Gas Natural Comercializadora, S.A. polo devandito importe de 27.028,93 euros con cargo a partida presupostaria 3230 2210200 ou bolsa de vinculación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1420).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS. EXPTE. 102611/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 27/12/16, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
ESPADA RE CAREY LUIS	201600092573	9250.2260100	700,00	692,15	28/09/16	21/12/16	28/12/16	7,85	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600095374	9250.2260600	5.000,00	1.944,07	13/10/16	15/12/16	13/01/17	3.055,93	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600095375	9250.2200100	500,00	456,00	13/10/16	21/12/16	13/01/17	44,00	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600096784	9250.2200000	500,00	95,75	19/10/16	21/12/16	19/01/17	404,25	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600096785	9250.2300000	2.000,00	378,50	19/10/16	15/12/16	19/01/17	1.621,50	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600096786	9250.2310000	2.000,00	538,03	19/10/16	15/12/16	19/01/17	1.461,97	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600101508	9250.2330000	3.576,00	3.576,00	04/11/16	21/12/16	04/02/17	0,00	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600101509	9250.2230000	1.000,00	453,24	22/12/16	22/12/16	22/03/17	546,76	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600113020	9250.2279900	17.999,00	11.174,01	21/11/16	23/12/16	21/02/17	6.824,99	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600080503	9201.1620001	160,00	160,00	12/08/16	14/12/16	12/11/16	0,00	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600080504	9200.2312001	300,00	50,78	12/08/16	14/12/16	12/11/16	249,22	---

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600080505	9200.2302000	500,00	155,90	12/08/16	14/12/16	12/11/16	344,10	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600087513	9201.1620001	160,50	160,50	06/09/16	19/12/16	06/12/16	0,00	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600087514	9201.2302000	339,50	310,11	06/09/16	19/12/16	06/12/16	29,39	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600087515	9201.2312000	300,00	247,45	06/09/16	19/12/16	06/12/16	52,55	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600087780	2311.4800000	3.000,00	1.447,00	08/09/16	09/12/16	08/12/16	1.553,00	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600096082	9201.1620001	555,00	555,00	17/10/16	14/12/16	17/01/17	0,00	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600097303	9201.1620001	1.950,00	1.950,00	21/10/16	20/12/16	21/01/17	0,00	---
OTERO LAMAS FRANCISCO	201600084828	3112.2279900	1.000,00	953,00	25/08/16	21/11/16	25/11/16	47,00	---
QUINTELA RODRÍGUEZ Mª JOSÉ	201600071506	2310.4800000	100.000,00	99.375,21	22/07/16	17/11/16	22/10/16	624,79	---
QUINTELA RODRÍGUEZ Mª JOSÉ	201600102908	2310.7800000	15.000,00	13.257,97	10/11/16	22/12/16	10/02/17	1.742,03	---
VIVERO MIJARES ANTONIO	201600097989	1350.2250000	130,00	102,41	25/10/16	15/12/16	25/01/17	27,59	---
TOTAL			156.670,00	138.033,08				18.636,92	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción dos libramentos nº 201600080503, 201600080504, 201600080505, 201600087513, 201600087514, 201600087515 e 201600087780 de García Álvarez Luis e 201600071506 de Quintela Rodríguez Mª José.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranter.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	Os pagos a xustificar nº 201600080503, 201600080504, 201600080505, 201600087513, 201600087514, 201600087515 e 201600087780 de García Álvarez Luis e 201600071506 de Quintela Rodríguez Mª José.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á Resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das que seguido se relacionan:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe li-brado	Importe xustificado	Data de pa-gamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reinte-gro	S/ a favor
ESPADA RE CAREY LUIS	201600092573	9250.2260100	700,00	692,15	28/09/16	21/12/16	28/12/16	7,85	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600095374	9250.2260600	5.000,00	1.944,07	13/10/16	15/12/16	13/01/17	3.055,93	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600095375	9250.2200100	500,00	456,00	13/10/16	21/12/16	13/01/17	44,00	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600096784	9250.2200000	500,00	95,75	19/10/16	21/12/16	19/01/17	404,25	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600096785	9250.2300000	2.000,00	378,50	19/10/16	15/12/16	19/01/17	1.621,50	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600096786	9250.2310000	2.000,00	538,03	19/10/16	15/12/16	19/01/17	1.461,97	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600101508	9250.2330000	3.576,00	3.576,00	04/11/16	21/12/16	04/02/17	0,00	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600101509	9250.2230000	1.000,00	453,24	22/12/16	22/12/16	22/03/17	546,76	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600113020	9250.2279900	17.999,00	11.174,01	21/11/16	23/12/16	21/02/17	6.824,99	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600080503	9201.1620001	160,00	160,00	12/08/16	14/12/16	12/11/16	0,00	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600080504	9200.2312001	300,00	50,78	12/08/16	14/12/16	12/11/16	249,22	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600080505	9200.2302000	500,00	155,90	12/08/16	14/12/16	12/11/16	344,10	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600087513	9201.1620001	160,50	160,50	06/09/16	19/12/16	06/12/16	0,00	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600087514	9201.2302000	339,50	310,11	06/09/16	19/12/16	06/12/16	29,39	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600087515	9201.2312000	300,00	247,45	06/09/16	19/12/16	06/12/16	52,55	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600087780	2311.4800000	3.000,00	1.447,00	08/09/16	09/12/16	08/12/16	1.553,00	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600096082	9201.1620001	555,00	555,00	17/10/16	14/12/16	17/01/17	0,00	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600097303	9201.1620001	1.950,00	1.950,00	21/10/16	20/12/16	21/01/17	0,00	---
OTERO LAMAS FRANCISCO	201600084828	3112.2279900	1.000,00	953,00	25/08/16	21/11/16	25/11/16	47,00	---
QUINTELA RODRÍGUEZ Mª JOSÉ	201600071506	2310.4800000	100.000,00	99.375,21	22/07/16	17/11/16	22/10/16	624,79	---
QUINTELA RODRÍGUEZ Mª JOSÉ	201600102908	2310.7800000	15.000,00	13.257,97	10/11/16	22/12/16	10/02/17	1.742,03	---
VIVERO MIJARES ANTONIO	201600097989	1350.2250000	130,00	102,41	25/10/16	15/12/16	25/01/17	27,59	---
TOTAL			156.670,00	138.033,08				18.636,92	

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1421).- ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓN NOS SENDEIROS AZUIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9069/446.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/12/16, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o interventor xeral, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

1.- Que a Deputación e o Concello de Vigo asinaron un Convenio para levar a cabo actuacións nos sendeiros azuis do concello, que posúen o galardón de Sendeiro Azul, o pasado 07 de novembro de 2016. Dito convenio foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14 de outubro de 2016.

III.- Que debido ás dificultades e imprevistos derivados da execución das actuacións obxecto do convenio, así como ó escaso prazo de execución concedido desde o momento en que se asinou o convenio, é necesario prorrogar o prazo de execución do obxecto do convenio ata finais do marzo para garantir o seu cumprimento, así como estender o prazo de xustificación ata finais de abril.

II.- Que na cláusula Novena do dito convenio sinalase como prazo límite de execución das actuacións recollidas no convenio o día 31 de decembro de 2016, se ben se recolle a continuación a posibilidade de prorrogar o dito prazo coa conformidade expresa das partes. Asemade, na cláusula Quinta, sinalouse como prazo máximo para presentar a documentación xustificativa o 31 de marzo de 2017.

En base os criterios anteriores o Concello de Vigo con data de 27 de decembro de 2016, solicitou a Deputación Provincial de Pontevedra a necesidade de prorrogar o prazo de execución para realizar as actuacións recollidas no Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, ata o 31 de marzo de 2017, e así mesmo solicitase a ampliación do prazo para presentar a documentación xustificativa da realización do obxecto do convenio ata o 30 de abril de 2017.

2.- Proposta:

En base o contido da cláusula Novena de dito convenio a cal recolle a posibilidade de prorrogar o prazo do convenio coa conformidade expresa das partes, proponse a necesidade de prorrogar o prazo de execución para realizar as actuacións recollidas no Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para levar a cabo actuacións nos sendeiros azuis do concello ata o 31 de marzo de 2017, e así mesmo solicitase a ampliación do prazo para presentar a documentación xustificativa da realización do obxecto do convenio ata o 30 de abril de 2017, e en todo o demais permanecerá invariable o contido do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para levar a cabo actuacións nos sendeiros azuis do concello, asinado o 07 de novembro de 2016.

En relación o estado de execución das obras vinculadas a este convenio, debe indicar que con data 15 de decembro de 2016 acordou a adxudicación das obras a favor da empresa "Servicios Medioambientales del Miño. S.I.), por un importe de 30.855,00€.

En relación á proposta de prórroga, debe indicar que o compromiso de financiación por parte do Concello de Vigo, establécese nun importe máximo de 10.000,00 €, o cal, de no ser executado no ano 2016, deberá ser aplicado á mesma aplicación orzamentaria no exercicio 2017, na cal o orzamento aprobado definitivamente na sesión Plenaria do 27 de decembro de 2016, contempla crédito suficiente.

Se adxunta o presente expediente copia da addenda que regula a proposta de prórroga do citado CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS NOS SENDEIROS AZUIS DO CONCELLO

Por todo o exposto, previo informe da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a conformidade para a prórroga do prazo de execución para realizar as actuacións recollidas no Convenio de colaboración entre a Deputación provincial

de Pontevedra e o Concello de Vigo para levar a cabo actuacións nos sendeiros azuis do concello ata o 31 de marzo de 2017, así como a ampliación do prazo para presentar a documentación xustificativa da realización do obxecto do convenio ata o 30 de abril de 2017.

segundo: Aprobar o texto da ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓN NOS SENDEIROS AZUIS DO CONCELLO, para regular a proposta de acordo da prorroga do citado convenio, que se anexa a este expediente.

terceiro: De acordo coa condición establecida na cláusula terceira do citado convenio, o Concello de Vigo se compromete a realización das operacións orzamentarias necesarias, para manter os compromisos económicos establecidos no actual convenio, en relación o novo período de vixencia do convenio, derivado da proposta de prorroga ata o 31 de marzo de 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓN NOS SENDEIROS AZUIS DO CONCELLO

En Vigo, 30 de decembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte D^a María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra D. Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E actuando D^a M^a Concepción Campos Acuña en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar a presente addenda, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas

EXPOÑEN

I.- Que a Deputación e o Concello de Vigo asinaron un Convenio para levar a cabo actuacións nos sendeiros azuis do concello, que posúen o galardón de Sendeiro Azul, o pasado 07 de novembro de 2016.

II.- Que na cláusula Novena do dito convenio sinálase como prazo límite de execución das actuacións recollidas no convenio o día 31 de decembro de 2016, se ben se recolle a continuación a posibilidade de prorrogar o dito prazo coa conformidade expresa das partes. Ase-

made, na cláusula Quinta, sinalouse como prazo máximo para presentar a documentación xustificativa o 31 de marzo de 2017.

III.- Que debido ás dificultades e imprevistos derivados da execución das actuacións obxecto do convenio, así como ó escaso prazo de execución concedido desde o momento en que se asinou o convenio, é necesario prorrogar o prazo de execución do obxecto do convenio ata finais do marzo para garantir o seu cumprimento, así como estender o prazo de xustificación ata finais de abril.

IV.- En base a estes antecedentes, ámbalas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Ampliación do prazo de execución.

Prorrógase o prazo de execución para realizar as actuacións recollidas no Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para levar a cabo actuacións nos sendeiros azuis do concello ata o 31 de marzo de 2017.

Segunda.- Ampliación do prazo de xustificación.

Ampliase o prazo para presentar a documentación xustificativa da realización do obxecto do convenio ata o 30 de abril de 2017.

Terceira.- Réxime xurídico.

En todo o demais, permanecerá invariable o contido do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para levar a cabo actuacións nos sendeiros azuis do concello, asinado o 07 de novembro de 2016.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda a un só efecto e por duplicado, no lugar e data salientada no seu encabezamento.

8(1422).- PRIMEIRA PRÓRROGA PARA O CONTRATO DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 10403/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/12/16, dáse conta do informe-proposta do 30/12/16, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe de Servizos Xurídicos de Área de Fomento, o concelleiro delegado da Área de Fomento, e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 14 de agosto de 2014, aprobou o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de prescricións administrativas particulares para a contratación do subministro de combustibles de gasóleo A, gasóleo C e gasolina de 95.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 15 de decembro de 2014, aprobou Adxudicar á Cepsa Comercial Noroeste, S.L., o procedemento aberto para a contratación do

subministro de combustibles de gasóleo A, gasóleo C e gasolina de 95 (expediente 10403-445).

O prego de cláusulas administrativas particulares recolle no apartado 4, c) das FEC a opción da prorroga de un ano de duración, ata un máximo de dúas prorrogas.

Terceiro.- O Concello de Vigo asina o contrato subministro de combustibles coa mercantil CEPSA Comercial Noroeste, S.L. con data 12 de xaneiro de dous mil quince. O vixente contrato ten un prazo de dous anos e o importe máximo do contrato e de 877.560,00 euros, e para a súa aplicación o adxudicatario ofertou os seguintes descontos; 3,90% a aplicar aos prezos do Galoleo A, 19,10% a aplicar aos prezos do Galoleo C e 2,20 % a aplicar aos prezos da Gasolina 95

Cuarto.- Atendendo o prazo de vixencia do contrato, a finalización do mesmo esta prevista para o día 11 de xaneiro do ano 2017, cumpríndose os dous anos do contrato.

Quinto.- En data 12 de febreiro de 2016, a Xunta de Goberno Local autoriza a cesión do contrato de subministración de combustibles á flota municipal, adxudicado a Cepsa Comercial Noroeste S.L, a favor da Compañía Española de Petróleos, S.A.U (CEPSA).

Sexto.- O Xefe da Unidade de Mantemento de Viais municipais e o Xefe da Área de Servizos Xerais en data 26.12.2016 informan a necesidade e idoneidade de proceder á prorroga prevista no PCAP do contrato, polo que en esa mesma data o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolve iniciar o preceptivo expediente.

Sétimo.- consta no expediente a conformidade da contratista coa prórroga do contrato.

2.- Consideracións xurídicas

Primeiro.- O artigo 23 TRLCS dispón no seus parágrafo 2º e 3º que «O contrato contrato poderá prever unha ou varias prorrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración de estas e que a concorrncia para a súa adxudicación se realizara tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga» e que «A prórroga se acordará polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

Segundo.- O PCAP do contrato, contempla a posibilidade da prórroga que se propón e dos informes que figuran no expediente resulta a permanencia inalterada das características do contrato.

Terceiro.- É competente para aprobar á prorroga e autoriza-lo gasto que a mesma implica a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP)

Proposta para a prorroga do contrato:

En relación á proposta de prórroga e toda vez que o contrato foi asinado en data 12 de xaneiro de 2015, a distribución do importe máximo do contrato entendese que debe axustarse os seguintes importes:

Importe máximo do contrato para a primeira prorroga: 438.780,00 €.

- Anualidade do ano 2017 (do 12 de xaneiro o 31 de decembro de 2017): 418.780,00 €.
- Anualidade do ano 2018 (do 1 de xaneiro o 11 de xaneiro de 2018): 20.000,00 €.

Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 9222,221,03,00 "Combustibles e carburantes"

Previamente a someter o expediente a consideración da Xunta de Goberno Local será perceptivo o informe de fiscalización da Intervención Xeral.

En consecuencia, propónse á Xunta de goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a primeira prorroga do vixente contrato para o "subministro de combustibles para a flota municipal" (expediente 10403/445), suscrito coa mercantil "Compañía Española de Petróleos S.A.O ((CEPSA) A-28003119 con data de sinatura 12 de xaneiro de 2015, para período comprendido entre o 12 de xaneiro de 2017 ata o 11 de xaneiro de 2018 , nas condicións previstas no devandito contrato, e por un prezo máximo de 438.780,00 €.

SEGUNDO: Aprobar o gasto máximo a favor da mercantil "Compañía Española de Petróleos S.A.O ((CEPSA) A-28003119 para o período de prorroga comprendido entre o 12 de xaneiro de 2017 ata o 11 de xaneiro de 2018, por un importe máximo de 438.780,00 €, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

- Anualidade do ano 2017 (do 12 de xaneiro o 31 de decembro de 2017): 418.780,00 €.
- Anualidade do ano 2018 (do 1 de xaneiro o 11 de xaneiro de 2018): 20.000,00 €.

TERCEIRO: A presente prorroga do contrato deberá ser formalizada co adxudicatario, para o cal deberá proceder a manter a fianza definitiva regulada no apartado 11.c) fas FEC.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1423).- RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE "AXUDAS Á REALIZACIÓN DE OBRAS DE REURBANIZACIÓN NAS PRAZAS OU ESPAZOS PRIVADOS DE USO PÚBLICO". EXPTE. 7410/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 29/12/16, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e o Secretario de Admón. Municipal acctal., que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 7 de outubro de 2015, **aprobáronse as bases reguladoras** das “Axudas a realización de obras de reurbanización nas prazas ou espazos privados de uso público de Vigo”.

As ditas bases foron publicadas no BOP do 24 de outubro de 2016 así como, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), o extracto da convocatoria foi publicado no BOP do 19 de outubro de 2016, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Durante este prazo (do 20 de outubro ao 3 de novembro), presentáronse un total de 2 solicitudes:

ENTIDADE	DATA	Nº DOCUMENTO
Comunidade Propietarios A Estrada nº 4	31/10/16	160147285
Comunidade Propietarios Padre Feijoo, 6	02/11/06	160147781

- Con data 15 de novembro de 2016 **os Arquitectos Municipais informan favorablemente** respecto do Proxecto presentado pola Comunidade Propietarios A Estrada nº 4
- Con data 22 de novembro de 2016 **os Arquitectos Municipais informan favorablemente** respecto do Proxecto presentado pola Comunidade Propietarios Padre Feijoo, 6.
- A Comunidade Propietarios A Estrada nº 4, no acordo da Xunta Xeral Extraordinaria do 15/06/2016, recoñece a exustencia de 3 orzamentos para o desenvolvemento das obras, e acordou por maioría a adxudicación da mesma a máis baixa (Solados Tudenses S.L.).
- A Comunidade Propietarios Padre Feijoo,6, no acordo da Xunta Xeral Extraordinaria do 12/08/2015, recoñece a existencia de 3 orzamentos das empresas Construciones Galandon, Construciones Lapatian e Neogeo Opera S.L., para o desenvolvemento das obras, e acordou por maioría a adxudicación da mesma a Neogeo Opera S.L.
- Con data 09/12/2016 **os Arquitectos Municipais emiten informe de execución das obras** pola Comunidade Propietarios A Estrada nº 4
- Con data 08/12/2016 **os Arquitectos Municipais emiten informe de execución das obras** pola Comunidade Propietarios Padre Feijoo, 6.
- A intervención municipal con data 02/12/2016, realiza unha serie de observacións que se recollen neste informe e que se detallan no informe de observacións de data 13/12/2016 e que se achega no expediente e que se aceptan de conformidade na fiscalización de intervención municipal de 23/12/2016.

CONTÍAS

O importe total das axudas a conceder non excederá do límite de 65.000 euros que financiarase con cargo á partida orzamentaria 9240 7800000 “Prazas de uso público” do orzamento municipal para o ano 2016.

A contía da subvención non poderá superar o cincuenta por cento (50%) do orzamento protexíbel. En todo caso, o importe da subvención terá o límite máximo de trinta mil euros (30.000,00 €) por proxecto..

CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN

Tendo en conta que as bases reguladoras non establecen comparación entre as solicitudes, senón que, a prelación na concesión de subvención será unicamente temporal, **outorgarase as subvencións segundo a orde de entrada**, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e exista crédito presupostario para iso.

Proposta de adxudicación por orde de entrada no rexistro:

1ª en orde de entrada:

- Comunidade Propietarios A Estrada nº 4
- Importe solicitado: 49.738,99 €
- Importe certificado: 46.540,00 €.
- Observacións Conforme á certificación realizada o gasto-inversión realizada pola Comunidade de propietarios A Estrada nº 4, ascende a **21.204,00 €**, correspondente ao 45,60% do total (o resto da certificación corresponde a comunidade da rúa A Estrada nº 645,60% e a da garaxes o 8,80%).
- Conforme a certificación presentada e tendo en conta que o importe máximo da axuda non poderán superar o 50%, a **axuda proposta é por importe de 10.602,00 €-**

2ª en orde de entrada:

- Comunidade Propietarios Padre Feijoo, 6
- Importe solicitado: 43.342,20 €
- Conforme ao gasto realizado e tendo en conta que o importe máximo da axuda non poderán superar o 50%, a **axuda proposta é por importe de 21.671,10 €.**

Debido a demora na tramitación do expediente, deberán ser ampliados os prazos de xustificación, de tal xeito que as datas de remate establecidos na cláusula 4.1 que pasarán a ser as seguintes:

- O prazo máximo para a xustificación da subvención remata o **30 de decembro de 2016.**
- Para o cumprimento das conclusións do informe da intervención municipal, a entidade adxudicataria deberá acreditar, de forma indubitada, que as obras para as que se solicitou a subvención foron finalizadas con anterioridade ao 31 de outubro de 2016.

ÓRGANO COMPETENTE

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local "o

desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal”.

RECURSOS

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo os art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de PAC das AAPP, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA)

Á vista do exposto, de conformidade coa base décimo primeira.8 da norma reguladora da subvención, art. 23.3 da LSG e art. 127.g) da LMMGL, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 7800000 “Prazas de uso público” do orzamento municipal para o ano 2016, por importe de **32.273,10 € (trinta e dous mil, douscentos setenta e tres euros con dez céntimos)**

ENTIDADE	CIF	IMPORTE DA AXUDA
Comunidade Propietarios A Estrada nº 4	H36717072	10.602,00 €
Comunidade Propietarios Padre Feijoo, 6	H36725869	21.671,10 €

SEGUNDO: Modificar a data de Xustificación da subvención, establecida na cláusula 4.1 que pasará a ser a seguinte:

- O prazo máximo para a xustificación da subvención remata o **30 de decembro de 2016**.

TERCEIRO: As entidades adxudicatarias deberán acreditar, de forma indubitada, que as obras para as que se solicitou a subvención foron finalizadas con anterioridade ao 31 de outubro de 2016

CUARTO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de PAC das AAPP, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do

día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de PAC das AAPP, e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1424).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS DUN CONDUTOR-BOMBEIRO CON CARGO Á PRAZA VACANTE DA OEP 2010-2011, 2ª FASE. EXPTE. 29166/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/12/16, dáse conta do informe-proposta do 27/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

"Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade unha praza de Conductor-bombeiro en réxime funcional e incluída no subgrupo C2 de titulación, pola quenda libre, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010/2011, na súa sesión de 19 de decembro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento de D. RODOLFO SALGUEIRO FERNÁNDEZ, con DNI 36137422Y, aspirante que superou todos os exercicios da oposición coa maior puntuación, obtendo un total de 32,525 puntos.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 21/12/2016.

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, o/a aspirante/a aprobado/a unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, será nomeado/a funcionario/a en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionario de carreira.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización

que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear funcionario en prácticas con cargo á praza convocada de Conductor-Bombeiro, a D. RODOLFO SALGUEIRO FERNÁNDEZ, con DNI 36137422-Y, aspirante proposto polo Órgano de Selección, que superou todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación, obtendo un total de 32,525 puntos.

SEGUNDO. - De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, o aspirante aprobado unha vez aportada a documentación esixida, será nomeado funcionario en practicas, percibindo en tanto realiza o correspondente curso teórico-practico, as retribucións que lle correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspire a ingresar-Subgrupo C2 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

TERCEIRO. - O aspirante nomeado deberá tomar posesión da súa praza como funcionario en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionario de carreira a que supere o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionario de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO: Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

QUINTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1425).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS CON CARGO ÁS DÚAS PRAZAS VACANTES DE INSPECTOR PRINCIPAL DA POLICÍA LOCAL DA OEP 2010-2011, 2ª FASE. EXPTE. 29169/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/12/16, dáse conta do informe-proposta do 26/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

"Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade dúas prazas de Inspector Principal da Policía Local en réxime funcional e incluídas no subgrupo A2 de titulación, pola quenda de promoción interna, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, na súa sesión de 21 de novembro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como funcionarios en prácticas dos seguintes aspirantes, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición coa seguinte puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	ÁLVAREZ FERREIRA	FRANCISCO JAVIER	36076666Q	8,083
2	ARENAS VILLARROEL	SANTIAGO	36041201V	6,450

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 24/11/2016.

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade co previsto na Base VIII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez achegada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso as retribucións correspondentes ao posto, código 99-Inspector, que están desempeñando na actualidade ata o momento do seu nomeamento como funcionarios en prácticas, ademais dos trienios que actualmente teñen recoñecidos, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso de capacitación para a nova categoría na Academia Galega de Seguridade Pública, que será obrigatorio e necesario para poder tomar posesión como funcionarios de carreira no novo posto ao cal accedan.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **Inspector/a Principal da Policía Local** incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, ós seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición pola quenda de promoción interna e que acadaron a seguinte puntuación total:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACION
ÁLVAREZ FERREIRA	FRANCISCO JAVIER	36076666Q	8,083
ARENAS VILLARROEL	SANTIAGO	36041201V	6,450

SEGUNDO.- De conformidade co previsto na Base VIII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso de capacitación, as retribucións que lle correspondan (neste caso as retribucións correspondentes ao posto, código 99-Inspector, que están desempeñando na actualidade ata o momento do seu nomeamento como funcionarios en prácticas, ademais dos trienios que actualmente ten recoñecidos) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

TERCEIRO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso de capacitación contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionarios de carreira, unha vez superado o curso de capacitación, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO: Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, á Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura da Policía Local, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

QUINTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1426).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DE CATRO BOMBEIROS CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES DA OEP 2010-2011, 2ª FASE. EXPTE. 29193/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/12/16, dáse conta do informe-proposta do 27/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade catro prazas de Bombeiro en réxime funcional e incluídas no subgrupo C2 de titulación, pola quenda libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010/2011, na súa sesión de 21 de decembro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento dos aspirantes que se relacionan a continuación por ter superados todos os exercicios da oposición coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
42	GONZÁLEZ IGLESIAS	CÉSAR ANTONIO	53193756T	30,000
43	HERNÁNDEZ ALONSO	ALFREDO	53191209Y	29,650
7	BEN BLANCO	PEDRO	53184894Q	29,200
89	SOTO DOMÍNGUEZ	IAGO	39465537K	28,400

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 26/12/2016.

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización

que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **Bombeiro**, aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
42	GONZÁLEZ IGLESIAS	CÉSAR ANTONIO	53193756T	30,000
43	HERNÁNDEZ ALONSO	ALFREDO	53191209Y	29,650
7	BEN BLANCO	PEDRO	53184894Q	29,200
89	SOTO DOMÍNGUEZ	IAGO	39465537K	28,400

SEGUNDO.- De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en practicas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso teórico-practico, as retribucións que lles correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

TERCEIRO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionarios de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO: Notificar o presente acordo aos interesados, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

QUINTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1427).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA CON CARGO A UNHA PRAZA VACANTE DE TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL DA OEP 2010-2011. EXPTE. 29196/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/12/16, dáse conta do informe-proposta do 27/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

“O órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de técnico/a de administración xeral pola quenda libre, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010/2011, na súa sesión de 10 de novembro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento de D^a BEATRIZ DOMÍNGUEZ PEREIRA, con DNI 36122447G, aspirante que superou todos os exercicios da oposición coa maior puntuación, obtendo un total de 26,962 puntos.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 17/11/16.

A aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Nomear funcionaria de carreira, con cargo a praza vacante de **técnico/a de administración xeral** pola quenda libre, á **D^a BEATRIZ DOMÍNGUEZ PEREIRA, con DNI nº 36.122.447-G**, aspirante proposta polo Órgano de Selección, que superou todos os exercicios da oposición coa maior puntuación, obtendo un total de **26,962 puntos**.

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionaria de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese á interesada, á Intervención Xeral, Área de Recursos Humanos e Formación (organización e planificación, negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal e Xefe/a do servizo ao que se adscriba a praza aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1428).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DÓUS/DÚAS AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA A ÁREA DE FOMENTO E O SERVIZO DE EDUCACIÓN.EXPTE. 28705/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/12/16, dáse conta do informe-proposta do 27/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

A Xefa do Servizo de Educación a través de escrito de data 08/06/2016, conformado pola Concelleira delegada de Educación expón as necesidades inmediatas de persoal no servizo, motivado pola situación de baixa prolongada de varias das empregadas municipais. Así mesmo, o Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, conformado polo Concelleiro-Delegado da dita Área de data 22/09/2016, solicita o nomeamento de persoal administrativo ante o claro déficit estrutural de persoal existente na Área.

En resposta a estas peticións, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 26 de setembro de 2016 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación e na Área de Fomento, nos termos das peticións realizadas polos seus técnicos/as responsables.

En cumprimento do ordenado, con data 27/12/2016, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), adscrito aos Servizos de Educación, cód. 332 e, a Área de Fomento, cód. 440, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo

correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos escritos de petición tanto da Xefa do Servizo de Educación como do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 26/09/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que os presentes son un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación do Servizo de Educación e Fomento como obrigatorios e prioritarios, sendo ambalás dúas unha das competencias propias das recollidas nos arts. 25.2.n) e d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de dous/dúas auxiliares de administración xeral para os Servizos de Educación e Fomento, supón un gasto de 21.927,38€, (dos que 913,64€ corresponden ao presente exercicio 2016 e, 21.013,68€ ao vindeiro exercicio 2017) e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 7.038,68€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertencen as vacantes (posto Cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que “os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.”

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: “VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”, a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.*

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Toda vez que neste intre non existen candidatos/as en disposición de ser nomeados por acumulación de tarefas da lista derivada da execución da última oferta de emprego público a que se refire o anterior parágrafo, os/as aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), polo que procede recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por

acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 20/10/2016, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como auxiliares de administración xeral das aspirantes núms. 9- NUÑEZ AGUIN, LEROY, 77.406.650-N e, 48-PRIETO COLLAZO, RUTH, DNI 36.158.401-D, que aceptaron expresamente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos e Formación todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, compróbase que o aspirante proposto Sr. Núñez Aguín, prestou servizos neste Concello durante o período comprendido entre o 05/05/15 e o 04/11/15 (expte. 26948/220), como funcionario interino por acumulación de tarefas, polo que dende o día 05/05/16, data no que cumpriu o período mínimo de seis meses dende que rematou o seu último nomeamento, está en condicións de ser novamente nomeado. No que respecta a Sra. Prieto Collazo indicar que a interesada prestou servizos como Subalterna (Grupo Transitorio E de titulación) durante o período comprendido entre o 01/03/16 a 31/08/16, expte 27663/220, estando en condicións de ser nomeada como Auxiliar de Administración Xeral (subgrupo C2 de titulación).

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Auxiliares de Administración Xeral**, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Estatística e, Igualdade e, en consecuencia, autorizar o gasto por **21.927,38€**, (dos que **913,64€** corresponden ao presente exercicio 2016 e, **21.013,68€** ao vindeiro exercicio 2017), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarios/as interinas por acumulación de tarefas como **Auxiliares de Administración Xeral**, por un período máximo de seis meses, á **D. LEROY NUÑEZ**

AGUIN, DNI 77.406.650-N e, **D^a. RUTH PRIETO COLLAZO**, DNI 36.158.401-D., na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración Xeral, autorizado pola Xunta de Goberno Local de 16/01/2015 e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas ao Servizo de Educación (cód. 332) e, a Área de Fomento, cód. 440, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades dos respectivos Servizos que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo o/a aspirantes nomeados/as, ao Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, a Xefa do Servizo de Educación, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1429).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DÓUS/DÚAS AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, POR

UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA A ÁREA DE FOMENTO E O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 28705/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/12/16, dáse conta do informe-proposta do 27/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

A Xefa do Servizo de Educación a través de escrito de data 08/06/2016, conformado pola Concelleira delegada de Educación expón as necesidades inmediatas de persoal no servizo, motivado pola situación de baixa prolongada de varias das empregadas municipais. Así mesmo, o Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, conformado polo Concelleiro-Delegado da dita Área de data 22/09/2016, solicita o nomeamento de persoal administrativo ante o claro déficit estrutural de persoal existente na Área.

En resposta a estas peticións, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 26 de setembro de 2016 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación e na Área de Fomento, nos termos das peticións realizadas polos seus técnicos/as responsables.

En cumprimento do ordenado, con data 27/12/2016, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase

mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), adscrito aos Servizos de Educación, cód. 332 e, a Área de Fomento, cód. 440, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos escritos de petición tanto da Xefa do Servizo de Educación como do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 26/09/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que os presentes son un dos casos excepcionais para cubrir necesidades

urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación do Servizo de Educación e Fomento como obrigatorio e prioritarios, sendo ambalás dúas unha das competencias propias das recollidas nos arts. 25.2.n) e d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de dous/dúas auxiliares de administración xeral para os Servizos de Educación e Fomento, supón un gasto de 21.927,38€, (dos que 913,64€ corresponden ao presente exercicio 2016 e, 21.013,68€ ao vindeiro exercicio 2017) e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 7.038,68€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertencen as vacantes (posto Cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co*

seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Toda vez que neste intre non existen candidatos/as en disposición de ser nomeados por acumulación de tarefas da lista derivada da execución da última oferta de emprego público a que se refire o anterior parágrafo, os/as aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), polo que procede recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 20/10/2016, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como auxiliares de administración xeral das aspirantes núms. 9- NUÑEZ AGUIN, LEROY, 77.406.650-N e, 48-PRIETO COLLAZO, RUTH, DNI 36.158.401-D, que aceptaron expresamente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos e Formación todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, compróbase que o aspirante proposto Sr. Núñez Aguín, prestou servizos neste Concello durante o período comprendido entre o 05/05/15 e o 04/11/15 (expte. 26948/220), como funcionario interino por acumulación de tarefas, polo que dende o día 05/05/16, data no que cumpriu o período mínimo de seis meses dende que rematou o seu último nomeamento,

está en condicións de ser novamente nomeado. No que respecta a Sra. Prieto Collazo indicar que a interesada prestou servizos como Subalterna (Grupo Transitorio E de titulación) durante o período comprendido entre o 01/03/16 a 31/08/16, expte 27663/220, estando en condicións de ser nomeada como Auxiliar de Administración Xeral (subgrupo C2 de titulación).

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Auxiliares de Administración Xeral**, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Estatística e, Igualdade e, en consecuencia, autorizar o gasto por **21.927,38€**, (dos que **913,64€** corresponden ao presente exercicio 2016 e, **21.013,68€** ao vindeiro exercicio 2017), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarios/as interinas por acumulación de tarefas como **Auxiliares de Administración Xeral**, por un período máximo de seis meses, á **D. LEROY NÚÑEZ AGUIN**, DNI 77.406.650-N e, **D^a. RUTH PRIETO COLLAZO**, DNI 36.158.401-D., na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración Xeral, autorizado pola Xunta de Goberno Local de 16/01/2015 e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas ao Servizo de Educación (cód. 332) e, a Área de Fomento, cód. 440, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades dos respectivos Servizos que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo o/a aspirantes nomeados/as, ao Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, a Xefa do Servizo de Educación, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1430).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 29146/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, asinado pola xefa de Área de RR HH e Formación, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*“Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 05/10/2016, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de **Novembro-2016**, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).

Así mesmo, no informe de data 05/10/2016 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por esta Área de

Recursos Humanos e Formación, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Real Decreto Legislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concibindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento legislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa. En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos. A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral-

da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo. De acordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar no ano 2016 sería 3'68 €/día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexas, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de **Novembro-2016** e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-“Produtividade”, por importe de **1.265,92 €**.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo:

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importe día	Días traballa- dos	Total euros
23490	Alfonso Paz, Jesús	3,68 €	20	73,60 €
82013	Alonso Vidal, Tomás	3,68 €	21	77,28 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	3,68 €	19	69,20 €
13600	Cabaleiro González, Esteban	3,68 €	20	73,60 €
77225	Cid González, Alberto	3,68 €	19	69,92 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	3,68 €	20	73,60 €
79828	Cousiño Sendin, M ^a Concepción	3,68 €	12	44,16 €
82747	Curras Villar, Manuel	3,68 €	16	58,88 €
78924	González Seijo, Antonio	3,68 €	19	69,92 €
82270	Marcos Fernández, Roi	3,68 €	21	77,28 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,68 €	21	77,28 €
76563	Pereira Fona, Juan José	3,68 €	16	58,88 €
83425	Rey Gómez, Fernando	3,68 €	22	80,96 €
82317	Rodríguez Cid, Miguel Ángel	3,68 €	19	69,92 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,68 €	16	58,88 €
83428	Vázquez Castro, José Luis	3,68 €	22	80,96 €
7224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,68 €	19	69,92 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	3,68 €	22	80,96 €
		Importe total	344 días	1.265,92 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1431).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DE GRAN GALA PRESTADOS POLA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DO ACTO DO “DÍA DA CONSTITUCIÓN”- 2016. EXPTE. 29145/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de Área de RR HH e Formación, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Policia Local remite con data 15.12.2016 a esta oficina de Recursos Humanos, oficio relacionando os funcionarios que con motivo do acto do “Día da Constitución”, prestaron servizos de Gran gala, e no que informa que dito servizo realizouse fora da xornada ordinaria de traballo e que a súa duración foi superior a 5 horas.

Considerando que a instrucción cuarta, apartado e), sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos para o ano 2010 vigente, establece que aboarase con cargo a gratificacións, o persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimoniais ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal, co seguinte importe, unha vez actualizado o seu importe dacordo ao art 19.Dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2016.

- Actos de máis de 4 horas de duración: 119,77 €.
- Actos de menos de 4 horas de duración: 63,86 €.

Os funcionarios relacionados nos informes adxuntos son:

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
16969	Fernández Sotelo, Juan Ramón	119'77 €
21025	González García, Katia María	119'77 €
78130	Sierra Castelo, José Manuel	119,77 €
77044	Barciela Rivera, Manuel	119'77 €
	TOTAL.....	479,08 €
	

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto,e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do acto do “Día da Constitución”, aboarase o persoal da Policía Local que figura na relación que se achega, remitida polo Intendente da Policia Local, con data 15/12/2016 e que comenza por don Juan Ramón Fernández Sotelo e remata por don Manuel Barciela Rivera, relación que de seguido se especifica, polas cantidades que corresponden a cada un deles e por un total de 479,08 € (catrocentos setenta e nove euros con oito céntimos), con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-Gratificacións”.

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
16969	Fernández Sotelo, Juan Ramón	119'77 €
21025	González García, Katia María	119'77 €
78130	Sierra Castelo, José Manuel	119'77 €
77044	Barciela Rivera, Manuel	119'77 €
	TOTAL.....	479,08 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17.- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 29147/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de Área de RR HH e Formación, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*“Con data 07/12/2016, o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e praxe da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de **Novembro-2016**, así como as datas de realización de dito exceso.*

A instrución cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 470 horas.

Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrución 4º do Cadro de Persoal da “actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada”, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3.484,50 € anuais, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.

O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.

Compróbase por parte desta Área de Recursos Humanos e Formación que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.

A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardía, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc.

No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 07/12/2016 figura relación do persoal, indicando Nº de persoal, datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Novembro de 2016, debidamente asinado e conformado pola concelleira delegada da Área.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concibindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal –e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que este está destinado a retribuír os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacións”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de **Novembro-2016**, segundo o recollido na Instrución Cuarta apartado f) sobre cadro e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 1.116,44 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas en concepto de gratificacións, haberán de responder a servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo e non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	558,22 €
13570	Hermida Rodriguez, José Luis	558'22 €
	IMPORTE TOTAL.....	1.116,44 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1432).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DE VÍAS E OBRAS E PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTES AO MES DE NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 29151/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de Área de RR HH e Formación, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Personal e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*“Recíbense na Área de Recursos Humanos e Formación con data 12/11/2016, asinadas polo xefe do servizo de Vías e Obras e Infraestructuras, pola técnica de Organización e xestión de Recursos Humanos e polo xefe da Área de Servizos Xerais, e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relacións de persoal do servizo de Vías e Obras e servizo do Parque Móbil, adscritos as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de **Novembro-2016**. Ditas relacións inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.*

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día), que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 5,64 €/día. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 28174/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimento, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senón que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e perigosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitranadores.

En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres consideralos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se de esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concibindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral– da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar–.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo de Vías e Obras e do Parque móbil que forman parte das brigadas de pavimentación e que realizan funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de Vías e Obras e do servizo do Parque Móbil que se relacionan nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo–, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria

920.0.150.00.00- "Produtividade", por importe de **1.590,48 €**, correspondente ao mes de **Novembro-2016**.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."

ANEXOS:

VÍAS E OBRAS

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	101,52 €
81662	Barros González, Delio	107,16 €
17360	Bastos Román, Jesús	56,40 €
81015	Argibay Cusi, Borja	107,16 €
83421	Lugo Prado, Eloy	107,16 €
79620	Veloso Costas, Jesús	107,16 €
83420	Carrera Ferreira, José Antonio	67,68 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	107,16 €
82523	Somoza Estévez, Luis Miguel	101,52 €
80031	Tobio Villar, M ^a del Carmen	50,76 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	107,16 €
TOTAIS.....		1.020,84 €

PARQUE MOBIL

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
15881	Alonso Iglesias, Manuel	78,96 €
16797	Alvarez Pérez, Jaime	50,76 €
15496	Andujar Picáns, Fernando C	78,96 €
80659	Carballo Magariños, Jesús	22,56 €
17331	Comesaña Pérez, Hipólito	107,16 €

77650	Fernández Riveiro, Javier	5,64 €
14953	Fernández Rodríguez, Manuel	90,24 €
16142	Martíns Fernández, Juan A.	50,76 €
15444	Rey Vázquez, S. Jorge	5,64 €
79386	Villaverde Villaverde, J. Manuel	78,96 €
TOTAIS.....		569,64 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1433).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 29153/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de Área de RR HH e Formación, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*"A directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relacións do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de **Outubro e Novembro-2016**, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.*

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concibindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento– entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo,

consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que "aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 123,43 €/mes. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto".

No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de Outubro e Novembro de 2016.

O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polo persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario

nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, correspondente ao mes de **Outubro e Novembro-2016**, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Produtividade”, por importe de **468,74 €**.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por

este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

ANEXO
OUTUBRO-2016

N.P.	Apelidos e Nome	Importe
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	80,23 €
22790	Sousa Atrio, José Manuel	12,34 €
81369	Seijas Fernández, Alberto	123,43 €
IMPORTE TOTAL.....		216,00 €

NOVEMBRO-2016

N.P.	Apelidos e Nome	Importe
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	5,88 €
22790	Sousa Atrio, José Manuel	123,43 €
81369	Seijas Fernández, Alberto	123,43 €
IMPORTE TOTAL.....		252,74 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1434).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA CASTELAO, ENTRE A RÚA DEDONDELA E A RÚA PORRIÑO”. EXPTE. 3374/443.

Dáse conta do informe-proposta do 30/12/16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe dos servizos xurídicos da área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22.07.2016, acordou «Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA DA AVDA. CASTELAO, ENTRE A RÚA REDONDELA E A RÚA PORRIÑO”

II.- A Mesa de Contratación, con data 28/12/2016, entre outros acordos, adoitou o de propoñer ao órgano de contratación: “Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da

avenida de Castela, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440), por un prezo de 212.550 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 156 meses”

III.- De ser aprobada a anterior proposta pola Xunta de Goberno Local, deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o presente informe-proposta, daquela, subordinado á dita previa aprobación da proposta da Mesa de Contratación.

IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras, conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo, a dita cláusula do PCAP especifica as funcións da dirección facultativa e dispón que esta será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección da obra de referencia que concorre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.

V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión do importante volume de contratos de obra que tramita a Área de Fomento do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación ata a recepción das obras aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Fomento; razóns polas cales propónse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP; disposición do artigo 127.2 LRBRL que ha de entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, para o caso da previa aprobación pola mesma da proposta da Mesa de Contratación de 28/12/2016, sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “ HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA DA AVDA. CASTELAO, ENTRE A RÚA REDONDELA E A RÚA PORRIÑO” (3956-440), na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de "HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA DA AVDA. CASTELAO, ENTRE A RÚA REDONDELA E A RÚA PORRIÑO" (3892-440) ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e ao Enxeñeiro Técnico en Topografía, D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRA"

Segundo: Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde das mesmas, a aceptación do Plan de xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

Terceiro.- A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1435).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA LLORENTE. FASE I". EXPTE. 3373/443.

Dáse conta do informe-proposta do 30/12/16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe dos servizos xurídicos da área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31.08.2016, acordou «Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da execución das obras do proxecto de HUMANIZACIÓN DA RÚA LLORENTE (FASE I), redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Javier Zubía Fernández, de data maio de 2016"

II.- A Mesa de Contratación en data 28.12.2016 acordou propoñer á Xunta de Goberno "Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente

(fase I) (4016-440) por un prezo de 174.750,47 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 10 semestres”

III.- Unha vez aprobada a anterior proposta pola Xunta de Goberno Local, deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o presente informe-proposta, daquela, subordinado á dita previa aprobación da proposta da Mesa de Contratación.

IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras, conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo, a dita cláusula do PCAP especifica as funcións da dirección facultativa e dispón que esta será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección da obra de referencia que concorre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.

V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión do importante volume de contratos de obra que tramita a Área de Fomento do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación ata a recepción das obras aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Fomento; razóns polas cales propónse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP; disposición do artigo 127.2 LRBRL que ha de entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, unha vez aprobada pola mesma da proposta da Mesa de Contratación de data 09/12/2016, sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da Rúa Álvaro Cunqueiro. Fase I” (3970/440), na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de “Humanización da Rúa Llorente” (4016/440) ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e á Enxeñeira Técnica de Obras Públicas, M. Francisca Arlandis Marra.

Segundo: Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde das mesmas, a aceptación do Plan de xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade, a autorización para a emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato, e demais actos de execución do contrato.

Terceiro.- A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación da obra de “Humanización da Rúa Álvaro Cunqueiro. Fase I” (3970/440) e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1436).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN RÚA ESTORNINO, ENTRE A RÚA GREGORIO ESPINO E RÚA XÍLGARO”. EXPTE. 3372/443.

Dáse conta do informe-proposta do 30/12/16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe dos servizos xurídicos da área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 17.06.2016, acordou “Aprobar o proxecto de obras para a **Humanización da Rúa Estornino (entre a Rúa Gregorio Espino e a Rúa Xílgaro)**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Julio Roberes de Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO CORENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS UN EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (1.149.901,71 EUROS) e data maio de 2016.”*

II.- A Xunta de Goberno Local, con data 29/12/2016, entre outros acordos, adoitou o de propoñer ao órgano de contratación: «Adxudicar a ORECO, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440) por un prezo de 872.200,45 €(IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 72 meses»

III.- O PCAP indica que deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o presente informe-proposta, daquela, subordinado á dita previa aprobación da proposta da Mesa de Contratación.

IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras, conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo, a dita cláusula do PCAP especifica as funcións da dirección facultativa e dispón que esta será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección da obra de referencia que concorre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.

V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión do importante volume de contratos de obra que tramita a Área de Fomento do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación ata a recepción das obras aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Fomento; razóns polas cales propónse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP; disposición do artigo 127.2 LRBRL que ha de entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de “Humanización da Rúa Estornino (entre a Rúa Gregorio Espino e a Rúa Xílgaro)” (3968-440) ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e ao Enxeñeiro Técnico Municipal, D. JORGE MUÑOZ RAMA.

***Segundo:** Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde das mesmas, a aceptación do Plan de xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade, aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato, e demais actos de execución do mesmo.*

***Terceiro.**- A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.*

***Cuarto.**- Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.*

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1437).- TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS SO NOVO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO. EXPTE. 726/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9/12/16, e o informe de fiscalización do 22/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 22/12/16, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

A vista do informe emitido pola Intervención Municipal , procedese a redactar un novo informe- proposta no que se recollen as aclaracións solicitadas :

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS DA CIDADE DE VIGO

1) INFORME PROPOSTA E TRAMITE DE AUDIENCIA

Na data 7 de setembro de 2015 deuse traslado a empresa VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. do seguinte INFORME-PROPOSTA concedéndolle o preceptivo tramite de audiencia .

“ Na data 18 de xuño e ante as noticias aparecidas na prensa sobre a data de inicio da actividade no novo hospital Alvaro Cunqueiro foi solicitada información a Conselleira de Sanidade e ao Xerente do complexo hospitalario de Vigo , sobre as datas de posta en funcionamento , previsión de usuarios , previsión de traballadores, etc. recibindo resposta na data 22 de xuño sobre as datas de inicio das distintas actividades.

Na data 23 de xuño de 2015 foi remitido oficio a empresa VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. concesionaria do transporte urbano da cidade no que se lle daba traslado do informe da mesma data remitido polo SERGAS sobre as datas da posta en funcionamento dos distintos servizos o obxecto de que cos estudos realizados sobre o posible servizo e de conformidade coas reunións mantidas co servizo municipal de transportes, se formule proposta de servizo para estudo e aprobación polo Concello .

PROPOSTA DE SERVIZO FORMULADA POLA EMPRESA CONCESIONARIA

Na data 1 de xullo de 2015 foi presentada proposta de servizo pola empresa concesionaria de conformidade cos estudos realizados, co seguinte contido :

1ª.- PROVISIONAL

Dende o día 6 de xullo e ata o día 24 de agosto, e para atender o incremento paulatino de actividade, atenderase o novo Hospital cunha lanzadeira dende a Praza de América.

A lanzadeira provisional prestaría servizo unicamente en días laborables, toda vez que o Hospital, ata o día 24 de agosto, só atenderá en horario de consultas en días laborables.

O servizo da lanzadeira provisional establécese cos seguintes datos:

- Quilómetros totais/día: 191,4
- Nº Expedicións diarias (ida e volta): 36
- Frecuencia : 30 minutos .
- PERCORRIDO : a vista da demanda formulada polos traballadores do hospital propónse que o primeiro servizo da mañá se inicie no cruce dos Choróns dende a parada sita na Travesía de Vigo nº 7 facendo o percorrido pola rúa Pizarro , praza de España , Gran Vía e praza de América e dende aquí como o resto das expedicións dese servizo, pola avenida de Castrelos , Clara Campoamor , ate o Hospital Alvaro Cunqueiro .

2ª.- DEFINITIVO

Dende o 24 de agosto, establécese un servizo prestado de acordo co seguinte:

- Dúas novas lanzadeiras ó Hospital Álvaro Cunqueiro:

1. Lanzadeira 1: LIÑA HOSPITAL 1

IDA: G. Barbón “Calzada” – P. Sanz – Pi i Margall – Pza. América – Avda. Castrelos - Clara Campoamor – **Hospital Álvaro Cunqueiro**

VOLTA : **Hospital Alvaro Cunqueiro**-Clara Campoamor-Castrelos-Portanet-Fragoso-Camelias-Pi y Margal-García Barbón”Calzada “

Lanzadeira 2: LIÑA HOSPITAL 2

IDA: T. de Vigo (Rotonda Aragón) – Pizarro – Pza. España – G. Vía – Pza. América – Avda. Castrelos – Clara Campoamor – **Hospital Álvaro Cunqueiro**

VOLTA: **Hospital Álvaro Cunqueiro** – Clara Campoamor – Avda. Castrelos – Gran Vía – Pza. España – Pizarro – T. de Vigo (Rotonda Aragón)

Ampliación das actuais liñas L12B e L6 ata ó Hospital

Recursos

Para esta proposta, requírense os seguintes recursos:

- **Vehículos:** 4 autobuses de 12 m. (de establecerse o servizo especificado na proposta). En tanto non se dispoña dos novos vehículos, empregaranse vehículos de máis de 12 anos de antigüidade, que se atopan fóra da concesión, en perfecto estado e condicións técnicas, e coa revisión ITV ao día, de non mediar obxección por parte dese concello.
- **Persoal necesario:** 10 condutores.

Engaden na proposta que empregárase para o cálculo do custo do servizo o prezo coche/quilometro que de conformidade co Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2014 e de 5,2631 € .

O computo coche/quilometro debe facerse da seguinte maneira:novas liñas (totalidade de quilometro recorridos) ampliación de liñas preexistentes (o computo realizarase dende a súa parada termo actual) ata o Hospital e viceversa.

Do prezo resultante do servizo deduciranse os viaxeiros de pago transportados debendo computarse soamente os que teñen o seu punto de orixe o destino no hospital xa que o resto son de outras liñas .

Propoñen para desagregar os viaxeiros de pago as seguintes alternativas :

A) multiplicar por dous os viaxeiros de pagamento subidos no novo hospital, entendendo que os que o utilizan para baixar empregaron o transporte urbano para chegar ó hospital, restando os viaxeiros que fan transbordo a outras liñas de Vitrasa .

B) os viaxeiros de pagamento que souben no hospital obteranse do sistema de billetaxe , namentres que para obter os viaxeiros de pagamento que baixan no hospital realizarase unha contaxe mediante o establecemento nos vehículos que prestan este servizo de mecanismos de contaxe de baixada de viaxeiros no hospital

C) mediante un aforo a realizar por unha empresa contratada por Vitrasa e que realice controis aleatorios cando o determine o Concello .

O numero total de quilómetros segundo a proposta formulada e de 260.388 quilómetros en liña e 16.482 quilómetros en vacio o que fai un total de 276.870 quilómetros .

ORDE INICIACION DO SERVIZO CON CARACTER EXPERIMENTAL E PROVISIONAL

Como queira que na data 6 de xullo de 2015 iniciouse a actividade no Hospital Alvaro Cunqueiro , o que foi comunicado ao Concello polos responsables do hospital na data 22 de xuño anterior foi necesaria a adopción de forma urxente de medidas para prestar un servizo mínimo entre a Praza de América e o hospital mediante unha lanzadeira.

Polo que na data 3 de xullo do presente ano pola Concelleira -Delegada de transportes ditouse a seguinte Resolución :

Ordenar que polo Servizo de Transportes se inicie expediente de modificación do contrato da concesión do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros para a inclusión das liñas que prestaran servizo ao novo hospital Alvaro Cunqueiro situado en

Beade, de conformidade co disposto no prego de condicións que rexe a concesión e demais acordos adoptados en relación co a mesma, en relación cos prazos e o custe do servizo.

Requirir a empresa concesionaria Viguesa de Transportes S.L, para que de conformidade coa proposta presentada e con carácter experimental inicie a prestación do servizo coa lanzadeira Praza de América –Hospital a partir do luns día 6 de xullo de 2015 informando diariamente a esta concellaría sobre o funcionamento do servizo e axustes que sexa preciso realizar e incluír no contrato

O servizo empezou a prestarse con carácter experimental e provisional en tanto a proposta formulada era estudada polos técnicos municipais para o elaboración da proposta que debe ser aprobada na Xunta de Goberno Local , de modificación do contrato.

A EMPRESA CONCESIONARIA EN RELACIÓN CO SERVIZO FORMULA AS SEGUINTES SOLICITUDES :

Na data 30 de xullo de 2015 solicitan autorización para utilizar vehículos de mais de 12 anos que están en perfecto estado entanto non se adquiren novos vehículos ; reiterando dita petición na data 10 de agosto de 2015 e aportando a relación de matriculas de vehículos que poderían ser aptos .

Na data 20 de agosto de 2015 presentan nova proposta na que propoñen pequenos cambios con respecto a proposta de 1 de xullo de 2015 consistentes en que :

- a liña H1 iniciara o seu percorrido en G. Barbón hotel NH.
- a liña H2 prestara servizo na estación de autobuses realizando parada en Gregorio Espino nº 79.
- a liña 18 atendera ao hospital con 3 expedicións.

Na data 21 de agosto de 2015 solicita que de forma expresa se preste conformidade a proposta de servizo.

EXAME TECNICO DA PROPOSTA

Do exame da proposta formulada polo empresa concesionaria debe destacarse o seguinte :

PRIMEIRO: No computo de quilómetros engaden un apartado que e o dos quilómetros en vacio , quilómetros que non se considera que poidan imputarse como quilómetros en liña nin incluírse como de servizo.

SEGUNDO: Na proposta presentada non fan a estimación dos viaxeiros previstos , nin da recadación ni do custo do servizo .

TERCEIRO: O prezo que din que e de aplicación no e correcto , xa que o prezo do coche/quilometro aprobado na Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2015 e 5,0841 .

Solicitado informe en relación coa estimación de viaxeiros previstos e o custo do servizo a empresa remite un correo electrónico de aclaración no que manifestan que no e posible facer unha estimación dos viaxeiros previstos e estiman o custo do servizo na cantidade de 1.444.678,85 € cantidade resultante do numero de quilómetros do servizo mais os

quilómetros en vacío polo prezo coche/quilometro aprobado polo Xunta de Goberno Local con carácter xeral .

A este custe habería que descontarlle os ingresos correspondentes aos viaxeiros de pago . Examinado o contido das propostas formuladas, considerase que con respecto aos itinerarios e horarios propostos prestarase un servizo adecuado a posible demanda comunicando as distintas zoas da cidade co hospital Alvaro Cunqueiro , nuns casos directamente e noutros casos realizando un transbordo que e gratuíto. Non obstante considerase que tanto os itinerarios como os horarios poden ser obxecto de modificación xa que non á datos ate a data sobre a demanda real e aínda non foron trasladados ao hospital a totalidade dos servizos, nin foron facilitados datos oficiais polo Sergas sobre o numero de traballadores , numero de posibles pacientes , procedencia dos mesmos etc .

En relación coa interpretación que fai a empresa concesionaria sobre os viaxeiros que utilicen as novas liñas, non pode admitirse considerando que por tratarse dunha liña nova deben computarse a efecto do calculo da facturación tódolos viaxeiros de pago que as utilicen ; si podería contemplarse unha interpretación no caso da ampliación das liñas xa existentes xa que o calculo do custo debe referirse ao tramo ampliado : liñas 12B e 6.

Con respecto ao prezo coche / quilometro considerase que debe aplicarse o prezo aprobado pola Xunta de Goberno Local para o ano 2015 pero sen as repercusións correspondentes ao material móbil e térrenos e instalacións e o desconto da publicidade xa que os vehículos que e necesario adquirir para a prestación deste servizo aínda non foron adquiridos, propoñéndose a aplicación como prezo coche/quilometro do concepto correspondente ao custe unitario que e 4,0906 € o que con IVE e 4,4996 € prezo no que se recollen a totalidade dos custes do servizo e coincide co criterio fixado no acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xaneiro de 2014 .

REXIME LEGAL APLICABLE

Por tratarse dun servizo regular de viaxeiros no termino municipal de Vigo a prestación do mesmo corresponde a empresa Viguesa de Transportes S.L. Por ser a concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo de conformidade co Acordo Plenario de adxudicación de data 16 de setembro de 1994, procedendo a modificación do contrato para a inclusión do novo servizo.

De conformidade co disposto no artigo 26.2 do prego de condicións que rexe a concesión aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 26 de maio de 1994 .cando se propoña polo Concello unha modificación na prestación do servizo o concesionario aportara informe dos quilómetros necesarios , previsión de viaxeiros , recadación e custe do mesmo , procedendo o estudo da proposta formulada pola empresa concesionaria por parte dos técnicos municipais e a aprobación da modificación do contrato polo órgano competente en materia de contratación .

De conformidade co disposto no artigo 26. 4, C) do mencionado prego cando as modificacións propostas supoñan un incremento de quilómetros igual o superior o un por cento e menor dun 5 por cento o supoñan contratación de persoal o adquisición de novos vehículos o prazo para a posta en funcionamento será de 2 meses

De conformidade con el articulo 60 del prego de condiciones aprobado na data 26 de maio de 1994 o prezo coche / quilometro aprobado utilizarase como elemento para o calculo de

novos servizos non previstos no Acordo de Adxudicación e a realización dos cales pode ser necesaria .

Asimesmo e para a determinación do prezo coche/quilometro debe considerase o contido do apartado oitavo do acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2014 polo que se fixa que se estude a posibilidade de mudar as novas prestacións que estean a prezo coche quilometro legal a prezo coche quilometro real (custes asociados a explotación /nº de quilómetros) incrementado este custo nun 6% de beneficio industrial .

En relación coa solicitude de autorización, formulada polo empresa concesionaria na data 30 de xullo de 2015, para utilizar vehículos de mais de 12 anos que están en perfecto estado entanto non se adquiren novos vehículos, petición reiterada na data 10 de agosto de 2015 e necesario analizar o que determina o prego de condicións con respecto a vida útil dos vehículos así como as condicións dos vehículos propostos .

En primeiro lugar o prego de condicións na memoria técnica do servizo de transporte colectivo de viaxeiros, contida no Anexo á o prego no seu apartado 3.1.6. fixa que os vehículos afectos a concesión terán unha vida máxima de 12 anos sen que a vida media deles supere os 7 anos ; e así o recolle tamén na cláusula 23.12 do prego de condicións que rexe a concesión . Por outra banda e na cláusula 23. 5 do mencionado prego de condicións establece como criterio xeral que durante o período concesivo , por cada 50.000 quilómetros adicionais durante o período concesional debera incorporarse un novo vehículo .

No presente caso, e de conformidade co contido do prego a empresa concesionaria propón a incorporación de catro vehículos ; no mes de novembro do presente ano e dentro do plan de renovación da flota marcado polo prego que rexe a concesión e pola oferta presentada esta prevista a incorporación a concesión de 7 novos vehículos, polo que a autorización para a utilización no servizo de vehículos que superan a vida útil sería provisional e en todo caso até o mes de novembro.

Asimesmo ha de considerarse que foi solicitada e presentada pola empresa concesionaria a documentación correspondente aos vehículos propostos, comprobándose que todos eles figuran coa ITV en regra así como co seguro en vigor .

Polo que se considera que de conformidade co manifestado e co contido do artigo 74 do Decreto 923/1965 de 8 de abril polo que se aproba o texto articulado da Lei de Bases de Contratos do Estado xa que a empresa concesionaria no dispón de flota suficiente para a prestación deste novo servizo e a posta en funcionamento do mesmo non pode demorarse por razóns de interese publico , pode propoñerse a modificación provisional do disposto no prego en canto a vida máxima dos vehículos afectos a concesión e en todo caso co limite do mes de decembro do presente ano , e considerando que dispón da documentación correcta.

E con independencia da adquisición pola empresa concesionaria doutros catro vehículos novos para incorporar a este novo servizo.

No artigo 74 do Decreto 923/1965 de 8 de abril polo que se aproba o texto articulado da Lei de Bases de Contratos do Estado en vigor na data de adxudicación do contrato establece que "A administración poderá modificar por razón de interese publico , as características do servizo contratado e as tarifas que han de ser abonadas polos usuarios ; cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato , a administración debera compensar

ao empresario de maneira que se manteñan en equilibrio os supostos económicos que presidiron o perfeccionamento daquel “.

No mesmo sentido manifestase o artigo 221 do Decreto 3410/1975 de 25 de novembro polo que se aproba o regulamento xeral de contratación do estado .

Polo exposto , propónse a Xunta de Goberno Local como órgano competente en materia de contratación de conformidade co disposto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP , e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal a adopción do seguinte:

ACORDO :

PRIMEIRO : Modificar o contrato do servizo público de viaxeiros da cidade de Vigo incluíndo no mesmo o servizo de transporte ao hospital Alvaro Cunqueiro sito en Beade coas seguintes características e condicións:

Lanzadeira 1: LIÑA HOSPITAL 1

IDA: G. Barbón “Calzada” – P. Sanz – Pi i Margall – Pza. América – Avda. Castrelos - Clara Campoamor – **Hospital Álvaro Cunqueiro**

VOLTA : **Hospital Alvaro Cunqueiro**-Clara Campoamor-Castrelos-Portanet-Fragoso-Camelias-Pi y Margal-Garcia Barbón”Calzada “

total viaxes diarios de luns a venres :.....29

total quilómetros día :.....257,3

total quilómetros ano :.....63.561

lanzadeira 2: liña hospital 2

IDA: T. de Vigo (Rotonda Aragón) – Pizarro – Pza. España – G. Vía – Pza. América – Avda. Castrelos – Clara Campoamor – **Hospital Álvaro Cunqueiro**

VOLTA: **Hospital Álvaro Cunqueiro** – Clara Campoamor – Avda. Castrelos – Gran Vía – Pza. España – Pizarro – T. de Vigo (Rotonda Aragón)

total viaxes diarios de luns a venres :46

total quilómetros día :367,2

total quilómetros ano :90.699

total viaxes sábados :31

total quilómetros sábado :247,6

total quilómetros sábado o ano:12.875

total viaxes domingo : 30

total quilómetros domingo:240

total quilómetros domingo o ano: 15.838

total quilómetros ano : 119.412

Ampliación da actual liña L12B ata ó Hospital

total viaxes diarios de luns a venres :30
total quilómetros dia :159
total quilómetros ano :39.273
total viaxes sábados :30
total quilómetros sábado :109,5
total quilómetros sábado o ano:5.694
total viaxes domingo : 28
total quilómetros domingo: 109,2
total quilómetros domingo o ano: 7.204
total quilómetros ano : 52.171

Ampliación da actual liña L6 ata ó Hospital

total viaxes diarios de luns a venres :28
total quilómetros dia :102,3
total quilómetros ano :25.243

Ampliación da liña 18 en tres expedicións

total quilómetros servizo : 260.387

Os servizos , horarios e numero de expedicións poden ser modificados pola Alcaldía o Concelleiro en quen delegue, de conformidade coas necesidades derivadas da posta en servizo do Hospital na súa totalidade .

Pola empresa concesionaria debera remitirse o Servizo de transporte informe diario sobre os quilómetros realizados , usuarios e descrición dos vehículos afectos ao servizo .

SEGUNDO : Aprobar o gasto e a dispoñibilidade de crédito que se derive do contido da modificación proposta con cargo a partida 4410.479.000 e ata un importe máximo anual de **1.171.741,5 €** importe que correspondería o custo do servizo sen os ingresos dos viaxeiros .

TERCEIRO: Fixar como prezo coche/quilometro para este servizo a cantidade de 4,50 € cantidade que e a correspondente ao custo unitario do quilometro aprobado pola Xunta de Goberno na data 19 de decembro de 2015 mais o IVE.

CUARTO : Modificar con carácter provisional e en todo caso ate o 31 de decembro de 2015 e para os seguintes catro vehículos o requisito relativo a vida máxima dos vehículos afectos a concesión fixado no prego de condicións en 12 anos . "

2) ESCRITOS DE ALEGACIONES

Na data 14 de setembro de 2015 foi presentado escrito de alegacións pola empresa concesionaria co seguinte contido:

PRIMEIRO: o prezo coche/quilometro aprobado pola Xunta de Goberno e 5,0841 € sendo este o prezo que rexe como retribución dos servizos novos o reforzos non previstos que superen os ofertados no prego .

SEGUNDO: respecto aos viaxeiros nas novas liñas deben deducirse unicamente os viaxeiros co orixe o destino no hospital xa que as novas liñas non son lanzadeiras senón liñas integradas na rede urbana ; respecto aos viaxeiros das liñas ampliadas deben computarse unicamente os que utilicen o tramo ampliado .

TERCEIRO: con respecto a competencia para efectuar modificacións non corresponde ao Alcalde o ao Concelleiro-Delegado senón a Xunta de Goberno Local , órgano competente en materia de contratación

Na data 18 de setembro de 2015 presentan novo escrito coa seguinte alegación :

UNICA : con respecto a exclusión dos quilómetros en vacío , consideran que non poden excluírse , xa que son quilómetros de posicionamento , supoñen custos de persoal , horas de servizo e custes derivados da utilización do propio vehículo polo que non poden desagregarse .

Na data 30 de novembro de 2015 presentan novo escrito no que expón o seguinte :

Durante o período experimental constatouse que no corredor existente entre as cabeceiras das liñas H1 e H2 (Garcia Barbón e Gregorio Espino) e a praza de América , no tramo das liñas integrado na malla concesional aténdense necesidades distintas a aquelas para as que as liñas foron creadas o que provoca que as liñas sexan utilizadas como alternativa por viaxeiros cuio destino no e o Hospital ; Polo contrario os tráficoes dende a praza de América si teñen como destino u orixe o Hospital .

Consideran polo tanto que o calculo do custe do servizo non pode facerse computando estes viaxeiros xa que se penalizaría a concesión a risco e ventura

Deben considerarse dous tramos :

o tramo 1 de Garcia Barbón e Gregorio Espino respectivamente ate praza de América e o tramo 2 dende a praza de América ate o Hospital Os tramos 1 das liñas estarían atendidos a risco e ventura deducíndose os viaxeiros que teñen como orixe o destino o Hospital .

Entenderanse como viaxeiros a deducir os viaxeiros que accedan as liñas dende a praza de América ate o hospital e dende este punto a parada anterior a praza de América

Nos tramos de malla urbana os viaxeiros a deducir serían :

respecto dos viaxeiros de tarxeta os viaxeiros que utilicen a liña con destino ao Hospital sempre que a súa seguinte validación sexa no hospital : respecto dos viaxeiros de contado calcularase a porcentaxe de usuarios da tarxeta no tramo 1 .

EXAMINADO O CONTIDO DAS ALEGACIONES INFORMASE O SEGUINTE :

Con relación a alegación relativa ao prezo coche/quilometro, se ben e certo que anualmente revisase o prezo coche/quilometro dentro do expediente de revisión de tarifas tamén e certo que no presente caso o servizo que se propón e un servizo totalmente novo cuia necesidade derivase de construción e posta en funcionamento dun hospital novo situado no termino municipal de Vigo e nunha zoa onde o servizo de transporte existente era totalmente insuficiente para responder á demanda e o mesmo pode considerarse incluído o regulado no previsto no apartado oitavo do Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2014 , manténdose a proposta contida no informe-proposta de data 7 de

setembro de 2015 , polo que se considera que a cantidade a aplicar e a correspondente o custe unitario na que recóllense os custes que ten que soportar o servizo .

En relación coa alegación relativa aos viaxeiros que utilizan as novas liñas, e certo que as novas liñas H1 e H2 co obxectivo de dar un mellor servizo aos usuarios non son lanzadeiras senón que o considerado como tramo 1 e dicir dende a cabeceira ate a praza de América e coincidente con outras liñas e poden ser utilizadas pola totalidade dos usuarios do transporte urbano e non soamente polos que teñen como destino o hospital non obstante reiterase o manifestado no informe proposta de data 7 de setembro de 2015 considerando que deben computarse ao efecto do calculo da facturación tódolos viaxeiros de pago que as utilicen con independencia de cal sexa o seu orixe o destino; si podería contemplarse unha interpretación no caso da ampliación das liñas xa existentes xa que o calculo do custo debe referirse ao tramo ampliado : liñas 12B e 6 al igual que o custo dos quilómetros calcularase exclusivamente sobre os quilómetros ampliados . Non obstante e transcorridos 6 meses do presente ano período necesario para a consolidación do servizo poderá ser revisada a formula utilizada de computo de viaxeiros si da aplicación da mesma se demostrase que afecta as retribucións que corresponde percibir ao concesionario para manteren o seu equilibrio económico .

Con respecto a alegación relativa ao órgano competente para acordar as modificacións necesarias , non á dubida que o órgano competente en materia de contratación e a Xunta de Goberno Local: non obstante o servizo de transporte de viaxeiros ao hospital Alvaro Cunqueiro e un servizo que desde o seu inicio, con carácter provisional e ate a data foi obxecto de continuas modificacións e axustes debido a indeterminación da demanda, a falta e inconcreción dos datos facilitados e a concentración no mesmo de persoal e usuarios de varios centros hospitalarios o que fai complicado axustar o servizo a demanda , esixindo constantes modificacións puntuais que deben adoptarse de forma urxente e inmediata, sen menoscabo das competencias que corresponden a Xunta de Goberno Local e sen que poidan supoñer unha modificación o alteración do contrato e en que ningún caso alteren o equilibrio económico do contrato .

En relación coa inclusión no custe do novo servizo dos quilómetros en vacio , aínda que no prego de condicións que regula o contrato non figura como deben computarse os quilómetros dos novos servizos, o posicionamento dos vehículos para iniciar a prestación do servizo implica un custo, considerando que poderían repercutirse sempre que se comprobe que os mesmos se realizan de forma efectiva o inicio e na finalización do servizo.

Asimesmo debe considerarse que dende a data do informe proposta elaborado polo servizo xestor as características do servizo xa foron obxecto de modificacións derivadas das esixencias da demanda polo que na proposta definitiva de modificación do contrato han de contemplarse :Modificación de data 14 de decembro de 2015 : modifícase o itinerario da liña H1 para dar servizo a estación marítima e conectala co hospital Alvaro Cunqueiro .

En relación cos solicitudes formulada pola empresa concesionaria para a utilización de vehículos que están fora da concesión e aínda que foi elaborado informe na data 15 de outubro de 2015 polo Parque Móbil Municipal segundo o cal os citadas vehículos presentan un estado aceptable e teñen a ITV en vigor ; como queira que foron incorporados 7 novos vehículos a concesión no mes de novembro xa non e necesaria a utilización dos vehículos solicitados.

En relación cos prezos a aplicar o servizo, o prezo coche /quilometro será o correspondente o custe unitario aprobado cada ano cun limite máximo de 4,50 IVE incluído e o prezo do billete aprobado cada ano.

Asimesmo deben considerarse as condicións que rodearon a posta en funcionamento deste servizo e que se han manifestado no presente informe -proposta: a falta de información sobre a fecha de iniciación do funcionamento do hospital, o falta de información sobre o numero de traballadores do hospital numero de pacientes aos que lles corresponde o citado hospital e zoa de procedencia, horario das distintas actividades e das quendas de persoal e demais datos necesarios para o deseño do novo servizo , datos solicitados a Xunta de Galicia na data 22 de xuño de 2015 e que non foron remitidos ate a data, o que provocou dificultades para o deseño do servizo e constantes modificacións e adaptacións as necesidades xurdidas.

A vista de tódolo ate aquí exposto , sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previo informe favorable da Asesoría Municipal e da Intervención Municipal o seguinte :

ACORDO :

PRIMEIRO : Modificar o contrato do servizo publico de viaxeiros da cidade de Vigo incluíndo no mesmo o servizo de transporte ao hospital Alvaro Cunqueiro sito en Beade-Valadares coas seguintes características e condicións:

Liña H Navia Bouzas Fragoso

Total quilómetros ano : 3.156

Lanzadeira 1: LIÑA HOSPITAL 1

GARCIA BARBÓN, ESTACIÓN MARITIMA,HOSPITAL

IDA: G. Barbón “Calzada” – Estación Maritima- P. Sanz – Pi i Margall – Pza. América – Avda. Castrelos - Clara Campoamor – **Hospital Álvaro Cunqueiro**

VOLTA : **Hospital Alvaro Cunqueiro**-Clara Campoamor-Castrelos-Portanet-Fragoso-Camelias-Pi y Margal-Garcia Barbón”Calzada “

total viaxes diarios de luns a venres :.....30

total quilometros día :.....290,4

total quilometros ano :.....71.722

Lanzadeira 2: LIÑA HOSPITAL 2

IDA: T. de Vigo (Rotonda Aragón) – Pizarro – Pza. España – G. Vía – Pza. América – Avda. Castrelos – Clara Campoamor – **Hospital Álvaro Cunqueiro**

VOLTA: **Hospital Álvaro Cunqueiro** – Clara Campoamor – Avda. Castrelos – Gran Vía – Pza. España – Pizarro – T. de Vigo (Rotonda Aragón)

total viaxes diarios de luns a venres :45

total quilómetros día :383,4 + 51,7

total quilómetros ano :94.704+12.778

total viaxes sábados :31

total quilómetros sábado :284,39+13,62

total quilómetros sábado o ano:15.496

total viaxes domingo : 32

total quilómetros domingo:290,4
total quilómetros domingo o ano: 19.170
total quilómetros ano : 142.148

AA Ampliación da actual liña L12B ata ó Hospital

total viaxes diarios de luns a venres :29
total quilómetros dia :140,8
total quilómetros ano :34.767
total viaxes sábados :30
total quilómetros sábado :128
total quilómetros sábado o ano:6.654
total viaxes domingo : 28
total quilómetros domingo: 119,4
total quilómetros domingo ano:7.883
total quilómetros ano : 49.304

Ampliación da actual liña L6 ata ó Hospital

total viaxes diarios de luns a venres :28
total quilómetros dia : 93,92
total quilómetros ano :23.198

Ampliación da liña 18 en seis expedicións

TOTAL QUILOMETROS SERVICIO ANO : 289.528

Os servizos, horarios e numero de expedicións poden ser modificados pola Alcaldía o Concelleiro en quen delegue, de conformidade coas necesidades puntuais e urxentes derivadas da posta en servizo do Hospital na súa totalidade .

Pola empresa concesionaria debera remitirse o Servizo de transporte informe diario sobre os quilómetros realizados , usuarios e descrición dos vehículos afectos ao servizo .

SEGUNDO : Fixar o prezo do contrato en 1.302.876 € anuais, prezo do que se deduce a retribución do contratista procedente da recadación do prezo abonado polos usuarios estimados, polo que o custe imputable anualmente e aproximadamente de 600.000 €; e aprobar o gasto e a dispoñibilidade de crédito que se derive do contido da modificación proposta con cargo a partida 44114700001 por un importe aproximado de 600.000 € anuais ,

TERCEIRO: Fixar como prezo coche/quilometro para este servizo o prezo correspondente o custe unitario aprobado en cada ano e con o limite de 4,50 € (IVE incluído)

CUARTO : Requirit a empresa concesionaria para que remita liquidación mensual do servizo prestado, de conformidade coa seguinte formula :

n° de quilometro x prezo fixado por quilometro - n° de viaxeiros x prezo billete

Se a cantidade ingresada polos viaxeiros e menor que o custe por quilómetros a empresa presentara factura pola diferenza ; se a cantidade ingresada polos viaxeiros e maior que o custe por quilómetros a diferenza será ingresada pola empresa concesionaria no Concello.

QUINTO : Practicar a favor da empresa concesionaria unha liquidación de 659.462,62 € correspondente o custe do servizo dende o 6 de xullo de 2015 ate o 30 de novembro do presente ano, xa que o servizo se retribúe a prezo coche quilómetro, e as variables que interveñen na liquidación de calquera período, veñen determinadas polo número de quilómetros e os usuarios, aplicando a fórmula que figura no apartado anterior, sendo o numero de quilómetros 387.364,73. rodados e o numero de usuarios 802.873 e os prezos a aplicar sen IVE: coche/quilometro ano 2015 :4,0906 ; ano 2016 : 4,01190 ; prezo do billete : 1,200

QUINTO A modificación proposta cuio prezo total até a final da concesión calculase en 6.000.000 € xunto co a anterior modificación do contrato “ampliación do servizo a Cidade Universitaria” cuio prezo ate o final da concesión calculase en 18.000.000€ no representan unha variación do 10% do prezo do contrato tendo en conta que o prezo de contrato calculase aproximadamente en 500.000.000 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.